

## **INFORME DO PRESIDENTE: 2011 - 2012**

Atopámonos unha vez máis na reunión anual do Baloncesto Galego, cita na que facer o correspondente balance sobre o devir da temporada 2011 – 2012 no ámbito da Federación Galega de Baloncesto.

Reiterando que chegamos aquí, de novo, coa filosofía do traballo e o esforzo, pasemos a valorar o vivido durante 12 meses de Baloncesto:

### **Área Adestradores**

Afianzamos o sistema de cursos, rexistrando de novo un satisfactorio porcentaxe de participación nos seus diferentes estadios formativos. No apartado de iniciación materializáronse seis convocatorias, agrupando as demandas formativas de numerosos alumnos pertencentes ás nosas sete Delegacións Zonais.

No referente aos niveis I e II continuamos apostando polo formato da concentración nunha única sede e flexibilizando o acceso aos mesmos. Con 52 alumnos no I nivel e 31 no segundo, o panorama neste 2011 cualifícase como positivo e reforza a viabilidade desta fórmula.

O bo ritmo no crecemento desta área didáctica ten moito que ver tamén co nutrido grupo de adestradores galegos e profesionais do noso deporte, moitos deles na elite, que colaboran coa FGB para formar parte da estrutura de profesores e responsables das materias en cada curso.

### **Área Económica**

No terreo económico non é difícil prever que, tal e como ocorre a nivel xeral en diferentes institucións e organismos, vivimos un descenso importante nos nosos ingresos, tanto os que proveñen de convenios oficiais como os que chegan por parte dos sponsors privados. Trátase dunha situación que nos obriga a reaxustar os gastos de xestión para tratar de equilibrar o orzamento do 2012.

Dende o ano 2008 ata o día de hoxe a caída e perda en torno as axudas institucionais avalíase nunha porcentaxe de preto do 50%. En efecto, no momento presente os ingresos por vía oficial supoñen tan só un 15% do total para o noso orzamento.

Dentro deste panorama, é de recibo recoñecer o apoio que nos brinda “la Caixa”, entidade coa que mantemos un fluído contacto, sempre co obxectivo de promover conxuntamente o Baloncesto dende a Base.

Por suposto, non somos en absoluto alleos ao escenario económico xeral, no que están xa disparadas todas as alarmas, e precisamente temos ben presente e vixente o necesario control do gasto. Igualmente viñemos traballando, e seguiremos a facelo, coa máxima de reactivar a nosa xestión e rendabilizar ao 100% os nosos recursos actuais.

### **Área Arbitral**

O Comité Galego de Árbitros proseguiu a súa carreira co obxectivo de avanzar, coa normalidade e a efectividade requiridas, no que a formación e control das competicións se refire. Neste aspecto, os nosos colexiados e oficiais de mesa contaron cun novo referente a nivel técnico, na persoa de Miguel Ángel Pérez. E precisamente, o noso actual director Técnico do Comité Galego de Árbitros, colexiado ACB e internacional FIBA, será quen lles traslade, en primeira persoa, o traballo deste colectivo nesta temporada 2011 – 2012.

### **Área Seleccións**

As nosas Seleccións tiveron a oportunidade de volver a representar a Galicia nos Campionatos de España. Os xogadores e xogadoras minis viaxaron a Cádiz no recente mes de marzo onde desempeñaron un satisfactorio papel.

Pola súa banda, a expedición galega infantil e cadete asinou a súa participación no nacional celebrado en Valladolid cun sexto posto global. Situamos ás nosas seleccións entre o noveno posto (infantil masculina), o oitavo (infantil feminina) e un meritorio 5º posto (cadete masculina e infantil feminina), destacando a súa vez entre todos eles o bo funcionamento como grupo.

Non debemos esquecer que as seleccións de base son o principal espello da saúde do noso Baloncesto. E, neste punto, grazas á xestión e planificación realizada polos diferentes clubs galegos, e á súa colaboración para con nós, os combinados autonómicos puideron participar do Programa Técnico da FGB e dos Campionatos de España coa mellor das garantías.

Á súa vez, a contribución indispensable de seleccionadores, axudantes, xogadores e pais ou responsables dos nenos e nenas foi crucial para levar ao mellor porto posible a organización das Seleccións nesta temporada. Dende aquí reiterar o noso agradecemento a todos eles e a nosa intención de que o futuro goce dos mesmos termos positivos.

### **Área Baloncesto Base / Tecnificación**

2012 foi o ano no que se vigorizou por completo o noso Programa de Tecnificación. Realizamos ao longo de todo a xeografía galega un total de 55 convocatorias neste ámbito, diversificando os obxectivos entre a promoción do Baloncesto en zonas nas que a súa práctica non está arraigada e as tarefas de tecnificación con xogadores xa federados.

Confiamos para este labor nun grupo de responsables técnicos zonais que, a día de hoxe e grazas a súa constancia, permiten que poidamos manter en seguimento primordial dunha elevada cifra de nenos e nenas.

Vinculamos ademais este factor a unha iniciativa na que tamén envorcamos os nosos ánimos: a fórmula "3x3". Da man de FIBA e FEB, principais impulsoras da competición baixo este formato, plantamos a semente do mesmo. Iniciamos esta tarefa na Delegación de Ourense coa competición premini e os bos resultados recollidos énchenos de enerxía para estender o proxecto ás restantes provincias galegas.

### **Área Competicións**

A temporada 2011 – 2012 desenvolveuse coa normalidade desexada por todos no que a área de competicións de refire. As Ligas FGB nas súas diferentes divisións foron asentándose a medida que avanzaron as súas fases temporais. Así mesmo, vivimos un incremento positivo do número de licenzas nestas competicións con respecto á pasada temporada cifrado nun total de 690 novos federados.

Salientar, con respecto ás competicións vixentes, que a FGB ofreceu a posibilidade a todos os clubs galegos de sometelas a análise e valorar a súa estrutura actual. Baixo un sistema de enquisa, que obtivo unha participación do 30 % (recibíronse as respostas de 59 clubs sobre un total de 189), recolléronse as opinións e as inquiredanzas sobre as actuais ligas, datos que se teñen xa en conta de cara a nova temporada que está a piques de iniciarse.

Non quero esquecerme da frutífera temporada que os clubs galegos realizaron dentro das competicións da elite do Baloncesto Nacional a pesar dos seus limitados orzamentos, impostos polos actuais recortes.

En feminino, o bo papel do R.C. Celta, mantendo a categoría en LF, e o esforzo despregado polos nosos representantes en Liga Feminina 2, non deixan a ninguén indiferente. A presenza de Ensino e Cortegada na Fase de Ascenso a LF sitúaos entre os mellores do ano.

Pola súa banda, en masculino, a renovación de categoría por parte do Obradoiro CAB, o bo papel do C.B. Breogán en Ouro, o ascenso do COB a esta categoría e a excelente temporada de Básquet Coruña en Plata e os nosos oito equipos e EBA son un punto forte dentro da nosa presenza como Comunidade nas ligas FEB. Eloxiamos o traballo de todos eles e, de xeito especial, queremos dar a noraboa ao C.B. Xuventude, que a piques estivo de acadar o ascenso a Adecco Prata.

Igualmente, os óptimos resultados, tanto organizativos como deportivos, colleitados nos diferentes Campionatos de España de clubs son síntoma de que a base tamén está moi viva. Por suposto, o subcampionato cadete para Marín Peixegalego, obtido sendo ademais sede do Campionato, e o cuarto posto dos xogadores júnior de Estudiantes de Lugo son, sen dúbida, dúas das novas sobresaíntes da temporada.

Agardamos que todo este rendemento deportivo global dos clubs poida vir acompañado no futuro máis próximo dun escenario económico que os axude a seguir disfrutando do gañado na pista.



**FEDERACIÓN GALEGA**  
DE BALONCESTO

Finalmente, e para rematar, amosar a miña gratitude aos auténticos protagonistas deste deporte: clubs, técnicos, xogadores, directivos, árbitros e oficiais de mesa. Sen o seu compromiso para co Baloncesto, o noso traballo como Federación sería farto difícil de levar a cabo.

Expresar tamén o meu agradecemento cara o bloque de traballo que configura o día a día da FGB. Camiñando sempre en equipo, percibiremos un mellor futuro para a xestión do noso baloncesto.

Francisco Martín Micó

Presidente Federación Galega de Baloncesto